



Recomendación á Consellería de Facenda, para actualizar a convocatoria de contratación temporal nos institutos politécnicos marítimo-pesqueiros.

Expediente: A.4.Q/24058/17

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

Sr. conselleiro.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] referente aos requisitos necesarios para impartir docencia e formar parte das listaxes para a cobertura de prazas de funcionarios da Escala de Profesores Numerarios dos Institutos Náuticos Pesqueiros.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indicábanos que a Dirección Xeral de Función Pública incumpre a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, dado que non esixe para ser profesor de formación profesional regrada nos Institutos Náuticos Pesqueiros o Máster en Educación Secundaria Obrigatoria ou titulación equivalente. Tal esixencia ven establecida no artigo 100.2 da lei para exercer a docencia, obriga reiterada no artigo 9 do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro. A consellería esixe para ocupar un posto de profesor nun instituto marítimo-pesqueiro, e polo tanto impartir docencia en ciclos de formación profesional regrada, no caso da materia de inglés marítimo, a titulación de "licenciado/a en filoloxía inglesa, capitán de mariña mercante, ou licenciatura en navegación e transporte marítimo e non o máster citado.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Facenda, que xa nola remitiu. No informe, a administración autonómica sinala o que a continuación lle transmitimos de xeito literal:

“O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, modificado polo Decreto 124/2016, do 8 de setembro, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, establece no artigo 11, relativo a requisitos, o seguinte:

Serán requisitos indispensables para poder inscribirse nas listas posuír a titulación ou formación académica esixida para cada categoría, corpo, escala ou especialidade e os demais requisitos legalmente esixidos para participar na convocatoria pública das correspondentes probas selectivas na data de presentación da solicitude de inclusión na lista polo/a interesado/a en formar parte dela.

A Orde do 26 de agosto de 1997 da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG nº 198 do 14 de outubro de 1997), convocou un proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración especial da Xunta de Galicia, escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, polos sistemas de promoción interna e de acceso libre e polo procedemento de concurso-oposición.

O apartado 1.2 da devandita Orde establece, entre outros, como requisito a cumprir polas persoas candidatas para seren admitidas á realización das probas selectivas o de estar en posesión ou acreditar ter superados os estudos esixibles para a obtención do título de doutor/a, arquitecto/a, licenciado/a ou equivalente para efectos de docencia, segundo o establecido na Orde do 22 de novembro de 1995 da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG nº 236 do 12 de decembro de 1995), reguladora das titulacións equivalentes para os efectos de docencia para o acceso ás escalas de profesores numerarios e mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros.

A Orde do 22 de novembro establecía para o desempeño en réxime de interinidade dos postos de profesores numerarios e mestres de taller a esixencia dunha titulación específica xustificada pola conveniencia de garantir que o persoal interino seleccionado reúna as condicións precisas de coñecemento e competencia para desenvolver a súa función docente.

Posteriormente publicáronse as Ordes do 4 de novembro de 2008 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (DOG nº 225 do 19 de novembro de 2008) e a do 9 de maio de 2011 da Consellería do Mar (DOG nº185 do 27 de setembro de 2011 e nº216 do 11 de novembro de 2011), pola que se establecen as materias que se imparten e as especialidades do profesorado dos centros de ensino pesqueiro e se regula a equivalencia para os efectos de docencia e o procedemento para a cobertura de carácter temporal de prazas de profesores numerarios e mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros.

En consecuencia os requisitos que se están a esixir para a inscrición nas listas de provisión temporal abertas a profesores numerarios e a selección de candidatos para dar resposta ás solicitudes de provisión temporal de postos de traballo, son os recollidos na Orde do 26 de agosto de 1997, última convocatoria de proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración especial da Xunta de Galicia, escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, modificados en aplicación do disposto nas Ordes do 4 de novembro de 2008 e de 9 de maio de 2011.

Actualmente está en fase de estudo e desenvolvemento unha próxima convocatoria de proceso selectivo para a o ingreso no corpo facultativo superior da Administración especial da Xunta de Galicia, escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, na que se incluírá como requisito o de estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE nº106 do 4 de maio de 2006), que establece que "para exercer la docencia en las diferentes enseñanzas reguladas en la presente Ley, será necesario estar en posesión de las titulaciones académicas correspondientes y tener la formación pedagógica y didáctica que el Gobierno establezca para cada enseñanza".

Dita convocatoria incluírá como requisito de participación o de estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da LOE. Con independencia deste criterio tamén serán tidos en consideración todos aqueles supostos establecidos na normativa vixente que recoñezan o eximan da necesidade de acreditar dita formación.

Estes criterios de participación substituirán aos actualmente vixentes e serán os que se apliquen e se exixan aos/ás candidatos/as nas futuras listas de contratación que se xestionen consecuencia deste novo proceso selectivo."

ANÁLISE

Resulta indubitado que o profesorado que imparta Educación Secundaria Obrigatoria ou Bacharelato deberá acreditar a formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación; polo tanto, debe estar en posesión do correspondente título de Máster regulado pola Orde ECI/3858/2007, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos de verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas.

Atendendo á normativa citada, non pode eludirse a formación pedagóxica e didáctica que "para exercer a docencia nas diferentes ensinanzas reguladas na presente Lei, será necesario estar en posesión das titulacións académicas correspondentes e ter a formación pedagóxica e didáctica que o Goberno estableza para cada ensinanza" (art. 100.2 da LOE), sinalando o artigo 9 do Real Decreto 1834/2008, de 8 de novembro, sobre condicións de formación para

o exercicio da docencia, que "Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e a ensinanza de idiomas, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica de acordo co esixido polos artigos 94, 95 y 97 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Para elo, será necesario que o correspondente título de máster cumpra as condicións establecidas no Acordo de Consello de Ministros de 14 de decembro de 2007, polo que se establecen as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas e teña sido verificado de acordo co disposto na Orde ECI/3858/2007, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos de verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria Obrigatoria e bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas".

Queda evidenciada a ineludible necesidade de estar en posesión do título de máster en formación pedagóxica legalmente recoñecido e que habilita para impartir a docencia que se oferta nos Institutos náuticos pesqueiros dependentes da Xunta de Galicia. Esta obriga debe esixirse non só aos profesores con praza en propiedade senón tamén a calquera docente que exerza tales funcións en condición de interinidade.

Tal e como recolle a Consellería de Facenda no seu informe, debe acudirse á Orde do 26 de agosto de 1997 para comprobar os requisitos en vigor para poder inscribirse nas listas de provisión temporal para impartir clases nos institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, coas modificacións impostas polas Ordes de 4 de novembro de 2008 e de 9 de maio de 2011. Posto que non aparece nesta normativa de vixente aplicación, a necesidade de acreditar o título obrigatorio habilitante de formación pedagóxica, estase incumprindo o disposto no artigo 100.2 da LOE.

Certo é que a propia consellería avanza no informe citado o seu compromiso de desenvolver unha próxima convocatoria de proceso selectivo para ao ingreso no corpo facultativo superior da Administración especial da Xunta de Galicia, escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, na que se incluírá como requisito o de estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006. Sen embargo, consideramos que a constatación do incumprimento actual dunha norma de obrigado seguimento, debe conlevar medidas máis contundentes que permitan a adecuación á Lei 2/2006 de xeito inmediato, coas disposicións precisas e/ou transitorias axeitadas.

CONCLUSIÓNS

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar á Consellería de Facenda a seguinte Recomendación:

Que se adopten as medidas necesarias para garantir o cumprimento do disposto no artigo 100.2 da LOE, de xeito que os docentes que imparten docencia nos institutos politécnicos marítimo-pesqueiros acrediten o título pertinente de formación pedagóxica e didáctica.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo